

POR UNHA CANONIZACIÓN (QUE NON BEATIFICACIÓN) DA OBRA DE LOIS PEREIRO

Mercedes Queixas Zas

Resumo: o obxectivo desta comunicación quere promover unha reflexiva chamada de atención a respecto da importancia / necesidade de non deixarmos morrer a Lois Pereiro definitivamente. Agora que tivemos a oportunidade de (re)descubrirmolo como poeta, de coñecérmolo como narrador e ensaísta, sería mágoa imperdoábel renunciarmos para sempre á súa obra, máxime cando a súa conexión coa sociedade, ao longo de 2011, acadou cotas tan altas de recoñecemento popular.

Cada un, cada unha de nós ten a súa chave persoal para evitar que esta porta por fin aberta, desde a Real Academia Galega, sexa ferreamente trancada para as xeracións futuras, porque coñecermos o tempo de Lois Pereiro axuda a interpretar o que a nós nos toca vivir e construír.

Quer como editores quer como tradutores, investigadoras, docentes, desde a máxima teorización crítica até a transmisión e comprensión dos seus poemas e das súas reflexións, a obra madura, moderna e próxima de Lois debe ocupar tamén o noso tempo, individual e colectivo.

Eis a importancia de que o potencial lectorado futuro, que hoxe estamos a coeducar, desde a escola, non permaneza illado para, consecuentemente, prescindir inconscientemente, dunha voz literaria propia que enaltece, desde a brillantez, o canon literario galego.

Abstract: the aim of this communication is to draw attention to the need to ensure we do not let Lois Pereiro die forever. Now that we have had the opportunity to discover him as a poet, and to get to know him as a narrator and essayist, it would be a great pity to disown his work forever, especially when his relationship with society throughout 2011 received so much public recognition.

Each and every one of us has the key to ensure that this door, which has finally been opened by the Galician Royal Academy (RAG), is left open for future generations. Knowing the period when Lois Pereiro was alive, helps us to understand the life we now want to build.

Whether editors, translators, researchers or teachers, from extensive critical theory to conveying and understanding his poems and thoughts, the mature, modern and intimate work of Lois Pereiro should be present in our time, both individually and collectively.

This is why it is important that the potential readers of the future, who we are currently educating, do not consequently miss the opportunity to discover a brilliant and eminent voice in the Galician literary canon.

Palabras chave: Actualidade literaria, revisión do canon, inclusión didáctica, superación de prexuízos, innovación educativa, Lois Pereiro e o currículo académico.

Key words: literary present, revision of the canon, educational inclusion, overcoming prejudices, educational innovation, Lois Pereiro and the school curriculum.

1. A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA: UNHA SINGRADURA EN PROCESO

A literatura galega presenta hoxe unha incuestionábel gozosa vitalidade, grazas a unha historia tecida man a man, forza con forza, palabra a palabra, ao longo dos séculos, desde aqueles primeiros milagres literarios, profanos e relixiosos, que a conciencia da memoria, con meritoria vocación de solidario legado partillado, creou para o futuro, con coidadoso trazo manuscrito, na grafía dos cantores medievais, teceláns de palabras musicadas, amigas, amantes, escarnecedoras, maldicentes ou afervoadamente marianas.

O corpus literario galego medrou ao amparo xustificador e alicerzador dos clásicos e convencionais xéneros literarios, segundo parámetros canónicos puros ou arriscada e intertextualmente singulares, que fluíron canda a construción do pensamento nacional á procura de abrigadas pontes de comunicación intercultural.

O repertorio diacrónico da literatura de noso está alimentado de numerosos títulos, acompañados dunha secuencia de nomes propios que alimentan e afortalan un proceso creativo propio, senlleiro, no fértil mundo da literatura universal. Porque a nosa literatura central, só para outros periférica, reprodutora do que fomos, representativamente cuestionadora do que somos, sementadora do que haberemos ser, da man dos autores e autoras que a pensan e transcriben, olla o mundo desde unha xanela osixenadora e condúcenos desde o seu endógeno e ambicioso estatus de normalidade, malia ser medido, iso si, desde parámetros exógenos, sociolingüísticos e culturais, de confluente anormalidade, baseada no premeditado desequilibrio lingüístico, promocionado polo poder centralizador, herdado desde finais da Idade Media, e que o goberno galego actual, como as hemerotecas rigorosas confirmarán no futuro, non deixa de acrecentar, de xeito unilateral, con medidas lexislativas que definitivamente afinquen o galego na súa condición-lastre de lingua minorizada, de uso restrinxido e condicionado polos potentes prexuízos herdados de outrora.

Velaí a presenza omnívora e omnipresente do canon fixador, da selección nacional das letras (?), necesaria como guía orientadora para o espectador/a externo e interno, mais ao tempo limitadora, ou se cadra tamén censuradora (?), dunha listaxe que nunca acaba de ser completa e á que cómpre acadirmos con reservas alternativas á espera de (re)muda canda a nova temporada. Porque se a lingua é, de seu, organismo vivo, a literatura que con ela se constrúe e habita tamén o é.

Porque a historia das letras é un compendio de nomes, mais tamén de silencios, máis ou menos voluntarios, de estadías con dereito a maior ou menor pernoctación e de viaxes efémeras, de ocultamentos máis ou menos intencionados,

de invisibilizacións onde semella preciso sacrificarmos aquel ou aquela que oseuse quebrar as pautas prefixadas. Semella inevitábel, de pseudoselección natural, que alguén fique para sempre nas marxes ou que a súa visita sexa unha puntual cita a cegas ou reliquia extravagante, mais atendendo a argumentario debidamente xustificadas conforme a unha efeméride correspondente. A eterna e asestante voz do silencio a sobrevoar omnipresente.

Velaquí o noso interrogante revisionista: están sempre connosco todos os escritores e escritoras que foron e son?

Os lindes do canon non deberían ser marcos eternamente inmutábeis nin valados vetadores. As follas perennes deberían alternar cos poboados caducifolios que rexeneran o bosque osixenador; o altar canónico ou canonizador non debería ser tampouco pía funeraria que entrone os seleccionados á honra perpetua e sublime a conta de afastar do arco celestial, do celme redentor, os que tamén foron e, asemade, crearon e axudaron a sermos nós no construto dos soños. A experiencia confírmanos que no noso primeiro gran Rexurdimento cultural de finais do século XIX non estiveron sós os grandes vultos literarios - Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. A xerarquización, a simplificación (obrigada nalgúns rexistros ou ámbitos de estudo) non pode apagar definitivamente o inxente traballo e compromiso, tantas veces mantido a contratempo e a contrafío, doutros compañeiros de viaxe que tamén partillaron e defenderon a conciencia de termos un espazo cultural e literario de noso desde unha lingua útil, válida para o materializar e canalizar.

Non se interprete aquí unha apoloxética negación dos clásicos. Repénsese, iso si, o lugar e a atención que teñen ocupado nos centos de páxinas que a análise, investigación e interpretación da historia das letras galegas leva fecundado, nomes propios de escritores e escritoras como Eusebio Rodríguez Baleirón, Luísa Villalta, Xela Arias ou, como non, Lois Pereiro, o Loíson ponte de amizade que aquí nos convoca.

Autores e autoras que chegaron a nós en tempos aínda recentes, coetáneos xeracional e, en moitos casos, vivencialmente, aos que unha morte inxustamente sobrevida a destempo, e unha consecuenta e lóxica obra cativa cuantitativamente, non lles permite seren adscritos ás sempre imprecisas correntes, fitos literarios e etiquetas nominativas merecedoras de renome. Claro que unha lonxevidade maior tampouco resulta conmovedoramente garante de nada; repárese, senón, na atención e difusión escasa do autor de *Nimbos*, Xosé M.^a Díaz Castro, xustificadas probabelmente por ser este o único libro publicado. E para maior sorpresa, nin sequera unha longa vida que cicle unha intensa e continuada obra poética en galego, como é o caso da escritora viguesa M.^a do Carme Kruckenberg Sanjurjo, asegura un oco na historia das plumas selectas.

Cómpre, pois, afrontarmos os retos, poñermos as nosas limpas mans sobre a memoria literaria sempre incompleta e restaurarmos a dignidade.

E, para iso, primeiro chegamos á pregunta: que é o que afasta os creadores e creadoras do recoñecemento canónico e, polo tanto, académico-escolar? Por que houbo que gardar a “sorpresa” da marca literaria Lois Pereiro até o 2011 desde o triunfo do negro punto e final daquel 24 de maio de 1996? Que actuacións vitais mudan, deforman ou mesmo invalidan *ad futurum* toda unha obra literaria cando esta era quen de emocionar, ao vivo, o seu presente e de esgotar 1.500 exemplares do primeiro poemario e dúas edicións de 1.000 unidades do segundo?

A chuvia de ideas xorde en fervenza de preguntas retóricas á espera de resposta convincente: A ideoloxía firmemente ácrata do seu autor, *corazón rebelde e zapatista*? A non estaba no país durante unha importante etapa da súa vida que non facilitou o necesario proceso de osmose *natural* coa ortodoxa galegitude contemporánea residente? Habitar as marxes de xeito cómodo, natural e espontáneo, alleo a opinións recomendadoras da corrección do ben ser e do ben facer, mais tamén, ou sobre todo, do ben aparentar? Preferir as conversas cos amigos no percorrido, diúrno e noctámbulo, de cafés, bares, pubs da cidade herculina - Borrazás, O Parrús, El Molino, Playa Club...- a ser presente físico habitual nos círculos poético-culturais da altura? A escolla de temáticas, linguaxes e enfoques pouco convencionais? Ficarmos conformes na superficial tona dunha imaxe física ensumida, para a prexulgarmos nunha atroz e devoradora metonimia, pola súa extrema delgadeza como consecuencia da(s) doenza(s) envelenadora(s), que o revestía dun aspecto decadente e pouco acaído nunha modernidade excesivamente dominada pola boa imaxe externa que, máis unha vez, expulsa do canon prestabelecido os diferentes? Ben coñecida é aquela sentenza, que pretende servir de convencemento hiperconsumista das masas, que di que unha imaxe vale máis do que mil palabras, un numeral cardinal exacto que cómpre multiplicarmos se estamos a falar de palabras impresas poeticamente.

2. O ENSINO OU COMO CHOCARLE A PRIMEIRA MAN Á LITERATURA GALEGA

Sabido é que, aínda hoxe, continuamos a vivir tempos de profunda carencia de alfabetización, lingüística, literaria e cultural, da sociedade galega que nos acompaña. Innegábel é, asemade, o papel instrutor que, neste sentido, a escolarización galega desempeñou desde a restauración da democracia e a aprobación dun aparello legal de protección dos valores identitarios, nomeadamente a lingua galega. A incorporación das xeracións máis novas ao coñecemento interno e externo da lingua, así como á lectura e á descuberta e achega huma-

na dos escritores e escritoras, que un país das dimensións do noso permite con relativa facilidade, dinamizou o marco competencial literario até converter en realidade palpábel, empírica, a cultura e bagaxe literaria da nosa infancia e mocidade até niveis sorprendentes e nunca antes valorados nin moito menos soñados.

Mais, cómprenos aos profesionais do ensino, nas diferentes etapas educativas, non conformármonos cos éxitos xa conseguidos nin esquecérmonos de abrir físgoas que acheguen máis luz creativa ao noso alumnado, sen temores nin prexuízos limitadores, ultrapasando as decisións que outros toman por nós nos enfoques abstractos curriculares, na redacción dos libros de texto ou nas antoloxías propiamente literarias.

Recentemente, vivimos dúas experiencias certamente anovadoras, grazas á decisión desta casa que nos convoca e acolle, a Real Academia Galega, ao concentrar o interese de datación anual ao redor do 17 de maio en dúas personalidades literarias diferentes, mais xunguidas polo común destino do vago esquecemento, do rol secundario e da minorización propia de quen os quere aferrar para sempre ás marxes. Eis o urxente reencontro lector, a reexistencia vital, a descuberta redentora ou a presentación formalmente novidosa para coa obra de María Mariño e de Lois Pereiro, creadores literarios pertencentes a épocas, contornos e experiencias vitais diametralmente antitéticas, mais coincidentes no escaso eco que as néboas atlánticas nos teñen permitido albiscar deles.

Na actualidade, os currículos que a administración educativa determina pouco ou nada axudan o alumnado a disporen dun coñecemento particularizado da nosa diacronía literaria. Tampouco da sincronía, é verdade, na medida en que o obrigado tratamento dun pasado que intente xustificar o presente e a mestura de destrezas e competencias básicas múltiples imperan e solapan o coñecemento dun presente atemporal, sempre en fuga. A conclusión é ben clara no alumnado: os escritores, as escritoras en moita menor medida, ou ben son vellos ou xa están mortos. Isto é, a literatura galega é un produto de outrora, obsoleto, caduco, arcaico, *demodé* e alleo ás necesidades lectoras e intelectuais dun moderno presente que debe preocuparse por un futuro máis ou menos real, máis ou menos prestidixitador.

Para aquelas persoas que non coñezan o currículo escolar, lembraremos que o alumnado que remata a escolaridade obrigatoria en 4º de ESO apenas fai un percorrido maratoniano, ao longo de dous cursos, 3º e 4º de ESO, pola clasificación estandarizada de etapas literarias ben coñecida. Se entendermos a literatura a partir da lectura de obras representativas de épocas e modalidades xenéricas, deberemos dicir que esta escolla dependerá única e exclusivamente da decisión arbitraria do profesorado/departamento de lingua e literatura galega. Isto é,

non existe unha guía orientadora de mínimos lectores, de traxectoria clásica ou contemporánea, para o alumnado, de xeito que pode un alumno ou alumna rematar a súa escolaridade obrigatoria sen ter lido unha obra completa de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Antón Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Manuel María, etc., mais tampouco de ningún autor ou autora actual en plena e potencial creación literaria, que fica como un obxectivo velado no espello opaco do tempo presente que estamos a construír como un novo capítulo da historiografía literaria de noso.

Poñámonos, no entanto, no mellor dos casos e acheguémonos ao choque amical de mans dadas coa literatura galega actual por parte das xeracións máis mozas a partir do labor comprometido de tantas e tantos docentes de lingua e literatura, do elemento vivificador dos clubs de lectura e da dinamización lingüística, apoiada na literatura propia, xerada polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, terminoloxía coa que a administración educativa acaba de bautizar os coñecidos desde a súa creación nos inicios dos anos 90 como Equipos de Normalización Lingüística.

Puideramos pensar que este nivel de maior concreción no atendimento á literatura galega fica adiado para o bacharelato, no entanto nada máis lonxe do que un puro *desideratum*.

O currículo para esta etapa postobrigatoria, para a materia de lingua e literatura galega, traza como obxectivo central o seguinte:

Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

A materialización deste obxectivo establece o seguinte reparto de contidos, distribuídos entre os dous cursos que comprende o bacharelato.

CONTIDOS 1º CURSO

-A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

-A literatura medieval: a lírica profana (cántiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.

-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

CONTIDOS 2º CURSO

-A literatura do primeiro terzo do século XX:

- * A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
- * A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- * O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.

-A literatura entre 1936 e 1976:

- * A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.
- * A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.
- * O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.

-A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:

- * Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- * Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- * Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

-Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

3. ONDE E CANDO CHEGAMOS A LOIS?

Entre unha maré atordoante de contidos dispares, aos que cómpre engadir os propios da historia da lingua -interna e externa-, gramática, dialectoloxía, sociolingüística, etc., semella utopía procurármolle un oco a Lois Pereiro.

Resulta difícil, pois, superar os atrancos programáticos e chegar á obra pereiriana nun momento derradeiro dun curso minguado en períodos lectivos e estritamente condicionado pola normativa da CIUG de cara ao exame da selectividade, un exame para o que o peso da bagaxe literaria minguou de maneira importante.

O problema convértese nun erro de base cando o propio empeño no estudo dunha historiografía literaria de envergadura, en tempo récord, baseada no simple *memorandum* dun repertorio antroponímico sen maior cohesión interna nin vinculación co contorno exterior que o xera, acaba por nos impedir chegarmos a unha actualidade tan real e viva, social e literariamente, como residente no limbo da formación literaria do alumnado. E chegados até aquí, por que non nos atrevermos a recoñecer tamén certas carencias formativas do

propio profesorado, vítima recorrente, asemade, no seu proceso de formación desas mesmas ansias de coñecemento retrospectivo que continúan sen mudar apenas?

Máis aínda, o erro convértese nun grave problema de raíz cando teimamos en partirmos da macroteorización repetitiva, hipercriticista e descoordinada no canto de acudirnos aos propios textos literarios, á lectura e goce da(s) obra(s), en definitiva, que parece ser a orixe final do produto da escrita.

Parece ben difícil, asemade, seleccionar “polo menos unha obra completa” dun período literario tan basto e fértil como o que supuxo para a literatura galega as décadas dos 80 e 90. Que criterios se impoñen entón? Os gustos particulares de cada docente? Un acordo intradepartamental? Ou as ofertas dos comerciais das editoras?

Chegados ao epígrafe curricular “Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes”, cómpre, entón, escoller. Escollamos, logo, a Lois Pereiro! Non suporá un problema decidir o título máis acaído para a súa lectura, pois ben sabemos que a noite perpetua e inmóbil se asentou con ánimo demasiado precoz, condicionando a elaboración e publicación dunha listaxe de títulos ben reducida. Por outra banda, a intertextualidade practicada polo autor permitirá achegar o alumnado a un pensamento global, humano, artístico-literario múltiple e cohesionado internamente.

Cortemos ese fío invisíbel canónico da lei non escrita e fagamos un novo atado integrador desde as verbas pereirianas, desde o mundo novo pereiriano, que nos está a falar en código lingüístico actual, porque xa sabemos que a lapa sempre lúcida e candente avisa:

*Son un relato breve. O final está escrito,
e todo o que vexo está sentenciado
a sobrevivirme.*

Imaxe visionaria esta que todo o precede e xustifica: a brevidade biolóxica en loita fronte á gravura pétrea da obra literaria e a atemporalidade dos lectores a facer presente inmortal a literatura. Como sobreviventes que somos, semella deber profesional inescusábel integrarmos nas aulas do ensino secundario obrigatorio e postobligatorio o *relato breve* pereiriano.

4. A SINGULARIDADE NECESARIA DE LOIS PEREIRO NO CURRÍCULO EDUCATIVO

Toda viaxe precisa dunha orixe e dun destino; toda carta de navegación ben planificada require un obxectivo-travesía e unha man compañeira que guíe como rosa dos ventos orientadora.

Por que non tomarmos, entón, a Lois como ese referente necesario? Por que non aproveitarmos a súa obra de creación e o seu pensamento como ferramentas útiles para explicarmos o seu tempo? Por que non entendérmolo como un elo vivo dunha cadea de construción colectiva? Por que negármoslle, obviando con descaro non inocente, a altura literaria e a capacidade de reprodución de novos e interesados lectores e lectoras? Acaso non imos ser quen de atravesarmos o espello con decisión, de dar o dobre salto mortal contra o silencio que o libere da morte derradeira a partir deste congreso ou do 31 de decembro próximo en que outro nome propio tome o relevo?

Dubidar é unha loita continua, declamaba o verso pereiriano, mais o Día das Letras Galegas entendemos que presenta, visita, repara, revisa, recupera, pon en valor, cabo de nós, aquelas figuras senlleiras das nosas letras para reflectilas no escaparate dun tempo que foi, dun espazo vivencial fotográfico e literariamente evocado, dunha trama literaria persoal á que non renunciar.

O Lois poeta, o Lois narrador, o Lois ensaísta, o tímido Lois máis humano agora (re)descuberto, foi fillo dun álbum familiar, persoal e íntimo, que lle deu a vida e o acompañou na travesía, mais tamén é fillo herdeiro dunha tribo colectiva que o guiou nas múltiples conversas amicais de café, nas viaxes de encontros reiniciáticos, na relación de ideas e vivencias superadoras de fronteiras territoriais e psicolóxicas. Foi Lois Pereiro un *totum* sumativo de onte(s), antonte(s) e trasantonte(s) que o conformaron.

Esquecémolo, logo, na escola, para sempre, agora que puidemos concederlle un papel protagonista e encandilador que de seguro o seu carácter tímido nunca aplaudiría? A nosa aposta reside e resiste na negación da pregunta. Agora xa non, a volta atrás resultaría imperdoábel porque, *aprender é unha vitoria* e por ela apostaremos sempre.

5. UNHA VIAXE INDIVIDUAL PARA IR MÁIS ALÓ

A centralidade en Lois Pereiro para a didáctica das aulas de literatura galega nos cursos altos da educación secundaria obrigatoria e mais na etapa postobrigatoria –mesmo para a materia de literatura universal– abre unha xanela de luz renovada e ar fresco na formación literaria dos nosos discentes.

A personalidade culta do noso escritor, a proxección cara ao lector dunha mente aberta ao mundo plural, cultural e lingüístico, sen perder a perspectiva centralizadora do seu propio mundo e idioma, a consciente herdanza do espírito atlantista, mitteleuropeísta, a vontade revisionista á procura dunha vangarda que apreixar para a remudar en clave propia, a provocadora heterodoxia multidisciplinar desde o confronto entre o xogo de luces e sombras, paira sobre a obra de creación pereiriana de forma inequivocamente singular.

Imbricado na propia biografía individual, verso tras verso, liña após liña narrativa, nace e medra incansábel o perfil de escritor vocacional, un escritor en esencia, que somete a súa obra á revisión autocrítica permanente, á procura permanente da innovación, da superación biobibliográfica, da aposta fresca transgresora, malia as duras limitacións físicas que o azar envelenado impuxo nos versos escritos *nun tempo que non teño de sobra*.

Eu tampouco creo que o autor e a súa obra poidan separarse, como fai un carpinteiro ou un funcionario de Correos despois de ter rematado o seu traballo. De feito creo cada vez máis na íntima relación estética e moral dun artista e a súa arte. Góstame que o escritor do que admiro o que escribe poida ser admirado tamén como persoa.

Lois Pereiro era o home da nova poesía, en palabras de Fermín Bouza publicadas en *El País* o 9 de xullo de 2010. Transcorrido este 2011, a memoria do autor vivificou de xeito amplificador, ao abeiro da calor receptiva do pobo, a sentenza anterior: Lois Pereiro era a voz nova e singular que a literatura galega dos 80 e 90 agardaba, malia non ser consciente en clave de presente o seu tempo. Tamén non o ha de ser este?

No *Mundo Lois* reside o substancial substrato das temáticas incontestabelmente tradicionais: a Vida e a Morte, mais ninguén negará que nunca antes nas nosas letras retou esta antítese un cara a cara tan cruelmente próximo, vingado ao redor do propio Corpo, superpoñéndose nunha loita meduliana entre Eros -luz redentora e acubilladora- e Tánatos -destino cara á noite inesquivábel- en que o único mediador arbitral é o Tempo -prestado, roubado, adiado, prorrogado-, como un terceiro pé que sostén a crónica de urxencia do eu lírico, encadeado entre o Amor, a Enfermidade e a Morte. Unha tríade existencial asexante, unha escrita poética con sucos de sangue en vida que *nace como unha vontade de desafiar a morte*.

(Contra a morte o amor que vai comigo)

Dos días que reserva para min o destino
cada unha das súas noites por vivir
sería a derradeira
a única esencial
se puidese vivirte a ti tamén
trasnoitado sobre o teu corpo en calma
cohabitando os teus soños
sobrevivido á miña inexistencia
soñado nas túas noites
ou prorrogado en ti.

Unha poética con marca propia, acubillo e refuxio imprescindiblemente alimentadores para a conciencia e a inquedaanza humana, porque *Cara a cara coa morte, vexo aí sinais de vida*.

O universo vivencial de Lois iguala, por outra banda, a lingua galega, na que decidiu conscientemente militar *porque quero, me peta e me dá a gaña*, con aquelas outras linguas estranxeiras importadas, para deseñar con palabras e metáforas visuais unha nova escena poética alternativa ao tempo que integradora.

Unha formación individual atentamente plurilingüe e multicultural que integra no propio o desconcerto do descoñecido que, ao tempo e con sorpresa, axuda a coñecer e reinterpretar na súa auténtica magnitude o valor do próximo, do que se sabe propio por singularización fronte ao alleo.

O alemán, o inglés e o francés campan con naturalidade na frescura dos versos, nunha herdanza presentida que coloca a cultura galega no camiño da nosa cerna intercultural histórica, promovida desde a literatura galego-portuguesa medieval até os principios do Grupo Nós ou da poética vangardista das inauguradoras décadas do século pasado, como un xogo vertebradoramente desacomplexado.

É por iso que Lois Pereiro non é un fantasma no camiño, senón un novo capítulo da historia chantado ferreamente nos referentes máis cultos.

Mais as viaxes de ida, preferibelmente persecutoras das pegadas dos camiños de ferro gravados na retina desde a nenez monfortina, precisan sempre da volta ao comezo, á orixe, ao *locus* e á lingua que as naturaliza, esa lingua “respirada” desde neno nas falas da xente da aldea, da familia, das feiras ás que acudían cos avós, na lingua (pre)sentida, en definitiva, mais non falada inicialmente, como ten acontecido con tantos e tantas neofalantes das últimas xeracións de galegos, a quen a prohibición legal para cos dereitos do galego como lingua propia do seu territorio e mais a forte carga de prexuízos lingüísticos dunha sociedade educada no autoodio, teñen negado a posibilidade de seren galegofalantes iniciais, ambientais, na familia, ademais de escolarizados e alfabetizados no idioma de noso.

Con todo, Lois Pereiro escolleu o idioma galego como raíz ou pedra angular para a invención da súa escrita, para o seu proxecto biográfico-literario e apreixouna para si como un exercicio de fidelidade e coherencia.

If I die before I Wake

O pasado apodrece baixo terra
e o presente non flúe,
é un río morto.
Pero esta vez non haberá resurrección
e o futuro é por forza alleo a min.

Unha escrita de convicción, desde a entrega vocacional, que voga entre os mares da literatura universal. Da poética nuclear de Lois Pereiro medran extensas pólas que nos submerxen en vastos e, ao tempo, irrenunciábeis referentes artísticos multidisciplinares de todos os tempos e lugares aos que o múltiple

dominio lingüístico lle permitiu achegarse de primeira man, sen intermediarios adulteradores, sempre á procura da impronta *ex novo*, nas súas tres grandes paixóns: a literatura, a música e o cinema.

Polos camiños da estrañeza e/ou descoñecemento inicial, chegaremos á palabra de Rimbaud, Baudelaire, Verlaine, Octavio Paz, Valente, Shakespeare, Castelao, Manuel Antonio, Apollinaire, Bernhard, Camões, Joyce e tantos outros; aos eclécticos ritmos acústicos de Lou Reed, de Mahler, Leonard Cohen, Debussy, Ravel, Neil Young, Brian Eno ou David Bowie; aos fotogramas de Eric Rohmer e Uma Thurman...

Unha viaxe polas artes de todos os tempos e espazos, do pasado e do presente, que teñen orixe e destino común: a Terra propia.

E quizais ese noso teimudo sorriso interno, o ollar de esguello sórdido e sarcástico no noso interior de galegos despreziados, remate por ser o final fondamente fractal, creador e subversivo, e só nós sobrevivamos ó holocausto final para empezar de novo desde a fin da terra: se esta terra chegou a ser tan vella por algo será (...). E esta terra, esta visión do mundo, do tempo, este "tempo" musical atmosférico, ruíns e submisos, pero sabios escépticos e resistentes, dun pobo ó que considereire sempre a primeira e esencial referencia xeográfica e mental (...) Moitas culturas se cruzan no meu espírito e no meu corazón non hai fronteiras. Ninguén me impediu nunca ser máis crítico e sarcástico co que eu sinto máis meu, propio e herdado.

Unha viaxe interna(cional) á alma presentida da Terra obriga a deter a nosa atención no poema-abecedario, convertido en guión televisivo emitido pola televisión pública galega, intitulado *Que é Galicia?*

Un itinerario ordenado, para nós e para o noso alumnado, a través dun cosmos propio, senlleiro, bañado polos mil ríos, un mar e un batido océano de cantís, debuxado nun salomónico barroco vizoso onde a pedra granítica respira o bosque omnipresente; a Terra da conciencia obrigada ao exilio e á emigración do fogar en que a sombra da noite neboenta esculca; a Terra pola que corre *sangue rural* e *noite urbana*. A Terra que somos. A Terra que nos fai Ser.

A Terra é o principio, e todo existe nela e para ela, sentencia o noso escritor.

Fermosa singradura lineal alfabética dun eu lírico que, neste último poema que encerra o primeiro poemario do autor, *Poemas 1981-1991*, se agocha nun plural colectivo identificado coa existencia real e tanxíbel do propio país que o define e (pre)determina. Ese lugar, principio e fin dunha existencia marcada pola cartografía do interior de Lugo -Reádigos, Santa Cristina do Viso, Monforte...- e alimentada por sucesivas recaladas-descubertas curiosas e autoafirmativas en Madrid, Edinburg, Lisboa, Dublín, París...

Unha existencia que tamén se retroalimenta na escrita precedente e nos seus protagonistas, que tamén hoxe nos axuda a desenovelar, de xeito explí-

cito no poema *Que é Galicia?*, a rede das letras. Castelao, Curros, Otero Pedrayo, Cunqueiro cítanse abertamente nunha ollada retrospectiva, mais, outras veces, cómpre mergullarse tamén na lectura interpretativa e no coñecemento intrínseco doutros pensamentos antecedentes, como podemos observar ao tirar do fío da concepción pondaliana dos “bos e xenerosos”, do convite á acción de resistencia plural, colectiva, contra a realidade inmutábel, rememoradora da ben representativa lámina de Castelao, convite á participación activa de todos na construción da obra colectiva, ou o reiterado apóstrofo axitador da rebeldía e insubmisión contra os demagogos e acomodados, conformistas co poder establecido que semellan traeren para o presente o discurso propiamente manuelantoniano daquel simbólico manifesto *Máis alá!*, (re)transmitido desde a *Modesta proposición* ou do símil constatador da soidade máis absoluta recollida na *Conversa ultramarina: Vou ficando só, eu, o cartafol e a voz*.

6. UN PRETEXTO LITERARIO PARA UNHA VIAXE DE ÉPOCA

A importancia dos anos 80, desde unha óptica contextualizadora, coloca a sociedade galega e española ante novos retos socio-políticos aos que non vai fuxir tampouco a estética literaria nin as súas testemuñas desde o protagonismo activo que lles tocou vivir.

Por unha banda, asistimos ao restabelecemento da arelada democracia, logo da traumática *longa noite de pedra*, e do consecuente réxime das liberdades, a aprobación do Estatuto de Autonomía (1981), o recoñecemento do galego como lingua propia e oficial, a súa entrada no ensino como lingua vehicular de aprendizaxe, a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983), a ampliación do mostrador editorial galego ou a organización asociativa dos escritores e escritoras ao redor da Asociación de Escritores en Lingua Galega (1980), que actúan, sen dúbida, como estímulo dinamizador, promotor e visibilizador para a creación literaria e mais para o necesario avance no traballo a prol da conquista da normalización lingüística, literaria e cultural.

Factores externos ao propio feito creador literario que, por extensión, ten que se materializar na experimentación influente dos novos xéneros e modelos de creación ficcional, na superación dunha tradición (auto)censuradora, na vocación, sempre adiada, por romper co pasado hermético, nas ansias de se aproximar ás evoluídas estéticas modernas alleas. Aspiracións, todas elas, e soños derivadores de novas promocións poéticas que abrirán vieiros renovados para os que virán vindo logo nos 90, e que confluirán neste tempo restaurador con outras voces maduras e recoñecidas, como precedentes: Luz Pozo Garza, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel María, Avilés de Taramancos ou Salvador García Boda-

ño, M^a Xosé Queizán, Bernardino Graña ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

Desde a praxe literaria de Lois Pereiro chegaremos, tamén nas aulas, á síntese definidora das novas promocións poéticas dos 80 e dos 90. Do seu espírito vangardista, promotor de imaxes anovadas, rupturistas e inconformistas vai participar, cara á retroalimentación, o ánimo creativo de Lois Pereiro.

Mais Lois non viaxaba só cara a ningures. Outros Simbad ultrapasaron o canon, vogaron á marxe do modelo prefixado, contribuíndo a abriren un outro capítulo na nosa diacronía literaria desde esta cidade-faro-guía que aglutina aqueles escritores mozos, residentes na Coruña, procedentes de traxectorias vitais e creativas moi diferentes que, no entanto, partillaban un desexo-necesidade común: inaugurar un movemento poético renovador e alternativo, vertebrado ao redor da loita cultural antivazquista, ao pular pola cultura e a literatura galega, de xeito activo e participativo, nunha cidade proxectada polo goberno municipal para se disolver definitivamente como marca con identidade galega propia, un pasado que hoxe agoira renacer máis unha vez.

O grupo nacía baixo o nome da súa primeira publicación colectiva, *De Amor e Desamor*, como unha suma de vontades amigas, expresións coralmente plurais, voces emerxentes e provocadoras para unha sociedade que estaba a reclamar ventos renovadores e acollía de bo grao os versos espídos destes poetas nacentes na rúa urbana.

7. CHEGADA AO DESTINO E VOLTA AO COMEZO

Canonización ou beatificación con certeza poderían ser voces pouco ou nada acaídas, mesmo discordantes, para coa actitude vital e o espírito literario pereiriano. Rutina e mínese programática escolar puideran semellar valados acoutadores no imaxinario pereiriano.

Continuaremos a escoitar, sen dúbida, voces alzadas pretendendo xustificar o afastamento do novo lectorado potencial que estamos a coeducar dun autor de lectura comprensiva supostamente complexa, recreador de temáticas arriscadas, modelador de linguaxe ironicamente crítica...

Mais, de ficarmos nese superficial plano de observación limitadoramente raquíta e deforme, de non atravesarmos a mesta tona prexuízosa que agocha o pensamento e a expresión comprometida dun escritor en esencia, vocacional, de querenza popular, dun espírito culto, inconformista e rebelde, que, malia a adversidade dolorosa asexante, se nega a entregarse á redención definitiva, alentaremos en nós e no noso alumnado a ignorancia ao redor dun escritor comunicador de vida e alento emocional humano como epicentro dunha existencia autenticamente aberta ao mundo, mais interpretado desde aquí, desde nós, para

renunciarmos finalmente a unha expresión única impresa que nos lembra a beleza das palabras e a forza do seu compromiso ético atemporal, mais sempre de necesaria actualidade.

Sigo a estar de parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente, a pesar de tantas dúbidas, decepcións e diferentes perspectivas de actuación, levando ás costas tantas traizóns decepcionantes en vertixinosa e constante cadea continua de agresións dunha historia de infamia que xa non nos permite ser inxenuos, porque se as vítimas de antes pretendían ser verdugos á súa vez, ¿de que parte que non sexa a das novas vítimas, dos novos vencidos doutras guerras, podemos estar xa? (...)

Terra. Lingua. Cultura. Dereito á diferenza. Mente aberta ó mundo... e nada máis.